CONCELLO DE SANTA COMBA
Terra de Xallas
Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

BASES XXVIII CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2026

Coa finalidade de involucrar o alumnado do noso concello nas dinámicas do consistorio, recoñecer e premiar a súa implicación e creatividade, así como fomentar as artes plásticas e promover o espirito do Nadal, o Concello de Santa Comba convoca o **XXVIII Concurso de Postais de Nadal 2026.**

1. Obxecto

O obxecto deste concurso é a creación dun debuxo que represente os valores do Nadal e das festividades asociadas a esta celebración, co fin de que a imaxe gañadora sexa empregada na elaboración da postal coa que o Concello de Santa Comba felicitará as festas do Nadal de 2026.

2. Participantes

Poderán participar os nenos e nenas que residan no Concello de Santa Comba, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos e que estean escolarizados nun dos centros de educación infantil ou primaria do municipio.

Tamén se admitirán as obras daqueles nenos/as que, residindo no noso concello, estean escolarizados en centros educativos doutros municipios.

Cada participante poderá presentar **unha única obra.**

3. Tema

A temática principal será **O NADAL** e as festividades asociadas a esta celebración. Valorarase a creatividade, a orixinalidade e, sobre todo, a capacidade da obra para transmitir unha mensaxe relacionada cos valores positivos da paz, o amor, a tolerancia e a inclusión.

Así mesmo, tamén se terá en conta a incorporación de elementos relacionados coas tradicións e coa idiosincrasia propia do noso concello.

4. Formato

As obras, que deberán ser orixinais e inéditas, presentaranse en **formato A4 e por unha soa cara.**

A técnica será libre, pero quedarán excluídas aquelas propostas realizadas mediante a técnica do c*ollage,* que presenten elementos que sobresaian da superficie do papel ou que empreguen purpurina ou calquera outro material que dificulte ou imposibilite a súa reprodución fiel durante o proceso de maquetación e elaboración da postal.

No caso de que a postal inclúa algún texto, este deberá estar redactado íntegramente **en lingua galega**.

5. Identificación

Cada obra deberá estar identificada no reverso cun pseudónimo e coa idade do seu autor ou autora.

Ademáis, deberá presentarse acompañada dun sobre pechado no que figuren os seguintes datos:

· **No exterior do sobre:** o pseudónimo e a idade que aparece no reverso da obra.

· **No interior do sobre:** o nome e apelidos do autor ou autora, un número de teléfono de contacto e o nome do centro escolar no que está matriculado/a.

6. Prazos e lugar de presentación

As obras deberán ser presentadas na Casa da Cultura (Departamento de Cultura), antes do día **25 de novembro de 2026.**

Poderán entregalas tanto o persoal dos centros escolares así como os propios autores e autoras das obras ou os seus pais, nais ou titores legais.

O xurado realizará unha selección de 50 obras.

7. Premios

A obra gañadora será utilizada para elaborar a postal de felicitación institucional do Concello de Santa Comba. O nome do seu autor ou autora figurará en todos os envios que se realicen da mesma.

Establécense os seguintes premios:

· **1º Premio:** 90€ en vales de compra para o comercio local
· **2º Premio:** 65€ en vales de compra para o comercio local
· **3º Premio:** 45€ en vales de compra para o comercio local

8. Xurado

O xurado será designado polo alcalde-presidente do Concello de Santa Comba.

Os criterios de avaliación serán: a orixinalidade e a creatividade, a calidade artística e a técnica e a adecuación á temática do Nadal e á identidade do noso concello.

A decisión do xurado será inapelable e farase pública o **1 de decembro de 2026.**

9. Entrega de diplomas, agasallos e exposición das obras

A entrega dos diplomas e dos agasallos terá lugar durante o acto de acendido das luces de Nadal.

As obras seleccionadas polo xurado serán expostas na Casa da Cultura durante o período do Nadal.

10. Notificación aos gañadores

As persoas premiadas serán informadas a través do número de teléfono facilitado.

Así mesmo, os resultados do concurso publicaranse na páxina web do Concello de Santa Comba.

11. Tratamento de datos de caracter persoal.

O Concello de Santa Comba, como responsable do tratamento dos datos persoais das persoas que participan *no XXVIII Concurso de Postais de Nadal 2026*, informa que estes serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril (GDPR), e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD).

11.1. Fins e lexitimación do tratamento

- Xestión da participación. Tramitación da inscrición e participación no certame de acordo coas presentes bases. A base xurídica é a execución dun contrato ou relación xurídica na que o interesado é parte (art. 6.1.b GDPR).
- Promoción e difusión. Dar a coñecer o evento e o seu fallo mediante a publicación do nome, apelidos e, se fose o caso, imaxe das persoas gañadoras ou seleccionadas nos medios de

comunicación municipais. A lexitimación é o consentimento do interesado ao participar no certame (art. 6.1.a GDPR).

- Comunicacións institucionais. Envío de información relativa a futuras edicións do certame ou actividades culturais análogas organizadas polo Concello, sempre que medie consentimento do interesado (art. 6.1.a GDPR).

11.2. Conservación e comunicación

Criterios de conservación. Os datos non se conservarán durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia. Cando xa non sexan necesarios, suprimiranse con medidas de seguridade axeitadas para garantir a anonimización ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos. Non se comunicarán os datos a terceiros sen o consentimento expreso do titular, salvo obriga legal.

11.3. Dereitos da persoa interesada interesado

As persoas participantes teñen dereito a:

- Retirar o seu consentimento en calquera momento.
- Exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como a limitación ou oposición ao seu tratamento.
- Presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

11.4. Datos de contacto para o exercicio de dereitos

Responsable: Concello de Santa Comba. Praza do Concello, 1 – 15841 Santa Comba (A Coruña).

Correo electrónico: correo@santacomba.es

Delegado de Protección de Datos (DPD): Ramón Santos Pérez (dpd@santacomba.es).

12. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases, así como da decisión do xurado, que será inapelable. Calquera cuestión non prevista nestas bases será resolta pola organización do concurso.

A participación implica, así mesmo, a autorización para que as obras presentadas poidan ser expostas públicamente na Casa da Cultura e difundidas a través dos medios e das canles de comunicación institucionais do Concello de Santa Comba.

As persoas participantes e, no caso de menores de idade, os seus representantes legais autorizan expresamente ao Concello de Santa Comba a facer públicos os nomes e apelidos das persoas gañadoras, así como a difundir as obras premiadas e seleccionadas, a través da páxina web municipal, das redes sociais e doutros medios de comunicación institucionais.

A obra gañadora poderá ser reproducida e utilizada polo Concello de Santa Comba para a elaboración da postal institucional de felicitación do Nadal de 2026, así como para a súa difusión e publicación con fins institucionais, facendo constar sempre o nome da persoa autora.